

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ORDE do 21 de setembro de 2017 pola que se fai pública a oferta educativa das ensinanzas deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2017/18.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o seu artigo 81.1, o desenvolven, e das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.30 da Constitución.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 63 determina que as ensinanzas deportivas teñen como finalidade preparar o alumnado para a actividade profesional en relación cunha modalidade ou especialidade deportiva, así como facilitar a súa adaptación á evolución do mundo laboral e deportivo e á cidadanía activa.

O Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial e, na súa disposición transitoria segunda, punto 1, indica que, ata que se creen os novos títulos e ensinanzas nas modalidades e especialidades de atletismo, balonmán, deportes de montaña e escalada, deportes de inverno e fútbol, que foron establecidas en cumprimento do disposto no Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, estas se impartián conforme o previsto nos reais decretos que crearon os respectivos títulos e ensinanzas mínimas. Igualmente, na súa disposición transitoria terceira, punto 2, indica que seguirán vixentes as normas de desenvolvemento das ensinanzas deportivas reguladas no dito real decreto mentres non se publiquen outras que as substitúan.

A publicación do Real decreto 980/2015, de 30 de outubro, polo que se establece o título de técnico deportivo en Baloncesto e se fixa o seu currículo básico e os requisitos de acceso (BOE do 25 de novembro); do Decreto 190/2015, do 10 de decembro, polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Atletismo (DOG do 18 de xaneiro de 2016); e do Decreto 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en Vela con Aparello Fixo e técnico deportivo en Vela con Aparello Libre (DOG do 20 de xuño), determina a necesidade de actualizar e modificar a oferta educativa das ensinanzas deportivas en centros públicos establecida na Orde do 22 de setembro de 2015 (DOG do 19 de outubro).



En consecuencia, logo do informe da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1. *Actualización da oferta***

Facer pública a oferta educativa de ensinanzas deportivas a partir do curso 2017/18, nos centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que se detallan no anexo desta orde.

**Artigo 2. *Número mínimo de matrícula***

A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun número mínimo (10) de alumnado matriculado na correspondente modalidade deportiva. A existencia desta condición de ratio mínima débese poñer en coñecemento do alumnado no momento en que presente a solicitude de matrícula.

***Disposición adicional única. Autorización excepcional***

Sen prexuízo do establecido no artigo 2 desta orde, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá autorizar, motivada e excepcionalmente, ensinanzas dunha modalidade deportiva aínda que non se acade o citado número mínimo de solicitudes de matrícula. Mentres non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar matrícula ningunha.

***Disposición derogatoria única. Derogación normativa***

Queda derogada a Orde do 22 de setembro de 2015 (DOG número 119, do 19 de outubro) pola que se fai pública a oferta educativa das ensinanzas deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2015/16, así como todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde.

***Disposición derradeira primeira. Autorizacións***

Autorízanse a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptaren as medidas e ditaren as instrucións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO

Centros				Ensinanzas	
Código	Denominación	Concello	Provincia	Código	Denominación
15005749	IES Universidade Laboral	Culleredo	A Coruña	XM01003 XS01003	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en fútbol
27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	Lugo	Lugo	LM01008 LS01008	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en atletismo
27007259	IES Río Cabe	Monforte de Lemos	Lugo	XM01003 XS01003	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en fútbol
32015050	CIFP A Farixa	Ourense	Ourense	XM01004 XS01004	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en fútbol sala
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra	XM01003 XS01003	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en fútbol
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra	XM01006 XS01006	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en balonmán
36013771	IES Fermín Bouza Brey	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	LM01009 LS01009	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en baloncesto
36018999	IES As Barxas	Moaña	Pontevedra	LM01008 LS01008	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior en atletismo
36013771	IES Fermín Bouza Brey	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	LMa1004 LMb1004	Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre

